



Galicia

**GALICIA**  
LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

**LOITA  
polo TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 647

Semana do 5 ao 11 de outubro de 2015

**OS ORZAMENTOS DO 2016 SERÁN O PRIMEIRO FITO QUE DEFINA O ALCANCE DO CAMBIO**

## O CAMBIO DE GOBERNO NA XUNTA: MUDANZA ESTÉTICA OU UN VERDADEIRO CAMBIO DE POLÍTICAS?

**UGT demanda políticas de investimento para o cambio de modelo económico centradas no emprego de calidade, mellora dos servizos públicos e recuperación de dereitos sociais**

**Redacción.-** A Comisión Executiva de UGT-Galicia considera que o recente cambio do Goberno da Xunta, impulsado polo seu presidente, esta vinculado a dous feitos fundamentais. Primeiro, que este é consecuencia do que sucedeu nas eleccións municipais celebradas no mes de maio, xa que a políticas do partido que sustenta o goberno recibiron un forte castigo nas urnas, e, segundo, este é o resultado do desgaste evidente e indiscutible de dúas consellerías, a de Sanidade e Medio Rural.

Á nefasta xestión sanitaria, que provocou en varias ocasións a masiva mobilización, xa non só dos profesionais do sector, senón da cidadanía en xeral, engadíuselle tamén a pésima xestión da crise que padece o sector lácteo.

Máis aló das mensaxes de impulso das políticas sociais, que xa veu reitando o presidente da Xunta dende as eleccións mu-

nicipais, UGT bota en falta mensaxes claras e concisas sobre as políticas de investimento do Goberno galego e a mellora dos servizos públicos. Para UGT, os Presupostos Xerais da Xunta para o 2016 serán o espello no que efectivamente se vexan implementadas estas tan publicitadas políticas ou, pola contra, queden de novo marxina-das.

En canto á desaparición da Consellería de Traballo, UGT insiste en que o desemprego segue a ser a gran lacra desta Comunidade e que, certamente, si é negativo que a Consellería desapareza como tal, como desgraciadamente ven sucedendo noutras comunidades autónomas, pero, máis aló do emprazamento das políticas de emprego, o Sindicato demanda, unha vez mais, que se poña como prioridade central do Goberno da Xunta de Galicia a loita contra o paro, a creación de emprego de calidade e a corrección das desigualdades.

A saída real da crise só será posible con outras políticas dirixidas ao cambio de modelo económico, centradas no emprego de calidade e na recuperación dos dereitos sociais. É preciso apostar pola inxección de recursos na formación, na educación e a cualificación profesional, pola industrialización con custes enerxéticos que non castiquen á industria e faciliten a competitividade, polo pulo da innovación, as redes de transporte, os empregos verdes a rehabilitación de vivendas e o desenvolvemento rural, entre outras políticas que no seu conxunto favorezcan a diversificación e competitividade da nosa economía e o fortalecemento duns servizos públicos que actúen como garantes da cohesión social e o desenvolvemento equilibrado de todo o territorio. Neste senso, é preciso tamén a apertura dun proceso de negociación real na Administración autonómica para mellorar o emprego e os salarios do persoal do sector público.

## 7 DE OUTUBRO, XORNADA MUNDIAL DO TRABALLO DECENTE

**Redacción.-** Este ano, a Xornada Mundial do Traballo Decente, que celebramos o 7 de outubro, desenvolveuse baixo o lema «Stop á avaricia empresarial. Precariedade e baixos salarios é igual a máis desigualdade e máis pobreza». Nesta convocatoria, o movemento sindical internacional denuncia a permisividade dos gobernos ante os abusos empresariais que buscan conseguir beneficios rápidos á custa dos dereitos laborais e sociais. Desta forma estanse configurando mercados de traballo cada vez máis desregulados, onde campan polos seus respectos a precariedade e os baixos salarios e, como consecuencia, dispáranse os niveis de desigualdade e pobreza.

No noso país, exemplo dunha mal entendida austeridade impulsada na eurozona como receita para saír da crise, foi o propio Goberno, mediante unha reforma do mercado de traballo imposta, o que desequilibrou as relacións la-

borais en favor da parte empresarial e o que degradou as condicións de traballo. O desemprego atenua a máis de catro millóns de persoas en todo o estado, máis de 200.000 en Galicia; máis do 25 % de asalariados e asalariadas son temporais; cada vez son máis as persoas que traballan cun contrato a tempo parcial (1,8 millóns, 148.000 en Galicia); os salarios baixaron por riba dos sete puntos dende 2011; e continúa o alarmante incremento do paro de longa duración (3,2 millóns de persoas buscan traballo dende hai máis dun ano, e desas, 154.200 fano en Galicia; 2,3 millóns procuráranos dende hai máis de dous anos, 110.000 en Galicia), a metade de persoas nesa situación non cobra xa ningunha prestación.

Estes datos son un reflexo do que revelan distintos informes: España é un dos países da UE onde máis aumentaron as desigualdades nestes anos de crise, tamén en Galicia. Porén,



Continúa na páxina seguinte...

tanto os orzamentos xerais do Estado como os galegos, deseñados polos gobernos para o 2016, insisten nas mesmas políticas, malia que a xeración de emprego de calidade e a redución das situacións de pobreza deberían ser as prioridades indiscutibles. Medrar a calquera prezo non é a receita para consolidar un crecemento sostible. É necesario mudar o rumbo cara a unha recuperación sostible que fomente a redistribución xusta da riqueza.

Só así será posible consolidar unha saída duradeira da crise, que repercuta nunha paulatina mellora do benestar de todas as

persoas, e en especial daquelas que están en peor situación. UGT, con motivo desta Xornada Mundial polo Traballo Decente, esiximos situar as persoas no centro das políticas. Isto implica apostar por empregos de calidade, con dereitos e salarios dignos. O Sindicato tamén consideramos que urxe reverter as últimas reformas laborais, en especial a de 2012 e os seus sucesivos desenvolvementos, que institucionalizaron a precariedade nas relacións laborais. Así mesmo, cómpre fortalecer o sistema de prestacións por desemprego, incorporando simultaneamente unha prestación de in-

gresos mínimos, tal e como expuxemos UGT e CCOO a través dunha iniciativa lexislativa popular.

Reformar o sistema de políticas activas de emprego, cun Servizo Público de Emprego reforzado financeira, humana e tecnoloxicamente como institución central e garante do sistema, debe ser outra das prioridades. Ademais, é necesario mellorar as redes de protección social para garantir un estado de benestar no que se recupere a universalidade da sanidade e a educación e se garanta o poder adquisitivo dos pensionistas.

## A CUARTA PARTE DOS CONTRATOS QUE SE ASINAN SON IGUAIS OU INFERIORES A 7 DÍAS

*Este tipo de prácticas, en moitas ocasións, esconden fraude de lei*

**Redacción.-** O secretario de Acción Sindical de UGT, Toni Ferrer, denunciou o aumento dos contratos de moi curta duración, iguais ou inferiores a 7 días, durante os últimos anos e demandou ao Goberno “a información detallada sobre a utilización destes contratos por parte das empresas”, para ver se corresponden a unha causa xustificada.

Toni Ferrer realizou estas declaracións durante a presentación do informe “Os contratos de curta duración no mercado de traballo español” elaborado por UGT, no que interveu tamén a economista do gabinete técnico confederal, Ana Viñas, que expuxo unha radiografía deste tipo de contratación.

Deste xeito, Viñas sinalou que “un 22,5% do total de contratos que se asinan son de menos de 7 días. Desde 2007 este tipo de contratos foise estendendo considerablemente, un aumento de 10 puntos, producindo unha precariedade no mercado de traballo e nos dereitos dos traballadores”.

“A maior parte destes contratos son eventuais por circunstancia da produción. Asínanse para homes e mulleres, en especial en idades comprendidas entre os 20 e os 50 anos. Concéntranse fundamentalmente no sector servizos (85%), aínda que o ámbito de actuación é amplo, abarcando a profesións de maior formación. E agrúpanse en pemes de ata 25 empregados, pero a incidencia por tamaño é superior nas empresas medianas (de entre 26 e 1000 empregados)”.

Durante a presentación, Toni Ferrer sinalou que “o informe pon á luz un fenómeno que vén de lonxe. A principio dos anos 90 os sindicatos xa denunciámos este tipo de prácticas e a Seguridade Social impuxo unha sobrecotización ás empresas que utilizasen estes contratos dun 36%, excepto aos contratos de interinidade e ás



actividades agrarias”.

“Isto segue vixente, pero a Seguridade Social xa denunciou no ano 2010 que moitas empresas estaban a utilizar este tipo de contratación pero non pagaban o sobrecusto. Por elo, pedimos ao Goberno a información detallada sobre a utilización destes contratos e que nos explique que ingresos houbo no sistema por esa sobrecotización”.

Neste sentido, manifestou que “son contratos que danan ao traballador porque é a precariedade máis extrema. Son persoas condenadas a non ter cualificación nin carreira profesional, e tamén inflúen na seguridade e saúde no traballo e na conciliación. Pero tamén ten efectos nas empresas, xa que son contratos que non melloran a produtividade nin achegan valor engadido, ademais de ser un factor de competencia desleal e danan ao interese xeral, xa que hai moita discriminación de ingresos no sistema público de pensións e un difícil acceso ás prestacións”.

Por elo, expuxo as medidas necesarias para erradicar estas prácticas “enraizadas no abuso e a fraude, como son que a Tesourería faga un seguimento

para comprobar se efectivamente efectúanse os ingresos extras por parte das empresas que utilizan esta contratación ou non están a pagar; e aumentar os medios para a vixilancia e o control, por parte da Inspección de Traballo, para comprobar se os contratos de menos de 7 días obedecen a causa xustificada ou se está facendo fraude”.

Ademais, é necesario “aumentar as sancións por fraude e penalizar o uso inxustificado destes contratos para aquelas empresas que, de maneira habitual e recorrente, utilicen sen xustificación estes contratos, esixindo a xustificación de establecer estes contratos; e ampliar o ámbito de aplicación do sobrecusto para as empresas aos contratos indefinidos, xa que moitos terminan no período de proba, que son eses 7 días”.

Para UGT, “é urxente e necesario abrir este período de negociacións co Goberno, que xa estaba comprometido no acordo tripartito de xullo de 2014 e aínda non se fixo. O Goberno e os empresarios non poden defender este tipo de prácticas, que son negativas para todos, para o sistema público, para as empresas e para os traballadores”.

## UNHA CES UNIDA ANTE OS NOVOS RETOS

**Redacción.**- O secretario xeral de UGT, Cándido Méndez, afirmou que a Confederación Europea de Sindicatos (CES) é “a organización de dimensión europea máis importante do continente, como din as cifras de afiliados e afiliadas”.

Cándido Méndez realizou estas declaracións durante o panel 4 do Congreso da CES, titulado “O papel da CES”, onde propugnou ao movemento sindical europeo a cremos o que realmente somos.

Se non nos cremos o que realmente somos, imos ter enormes dificultades para transmitilo á clase traballadora europea.

“A pesar das nosas diferenzas, somos un bloque con fortes posicións comúns, e debemos apoiar ao novo secretariado e á nova presidencia no obxectivo de constituírnos no polo europeo para a igualdade”.

Neste sentido, “é imprescindible loitar contra a pobreza, contra o odio racial, pola

distribución, por un novo modelo de empresa e sabendo que non debemos reducir a nosa intervención á dimensión social, porque todo esta interrelacionado2.

“Debemos ter posicións claras na dimensión social e na unión fiscal, orzamentaria, política e financeira porque todo está interrelacionado en Europa”.

### Cándido Méndez, novo membro do Comité de Dirección da CES

O secretario xeral de UGT, Cándido Méndez, foi elixido novo membro do Comité de Dirección da Confederación Europea de Sindicatos (CES), no marco do proceso de renovación dos organismos da Confederación que se produciu durante o Congreso da organización.

No Congreso elixiuse de forma maioritaria a Rudy de Leeuwe como novo presidente da CES, en substitución de Ig-



nacio Fernández Toxo, e a Luca Visentini como novo secretario xeral da CES, en substitución de Bernadette Ségol, ademais de proceder ao nomeamento dos novos vicepresidentes e vicepresidentas e o novo secretariado e auditores da organización.

Desta maneira, o movemento sindical europeo renova os seus órganos de dirección para os próximos catro anos co fin de desenvolver plenamente o novo programa de acción, centrado en definir unha estratexia de defensa do modelo social europeo, de empregos de calidade e de loita contra a desigualdade.

## UGT CONVOCA O CONCURSO "AMA EN IGUALDADE. DI NON Á VIOLENCIA DE XÉNERO"

**Redacción.**- Con motivo do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, FETE-UGT convoca un concurso de audiovisuais baixo o lema "Ama en igualdade. Di non á violencia de xénero"

Nos centros educativos vemos a diario a grupos adolescentes e mozos que están a aprender a querer-se, a relacionarse, a dicir e decidir o que queren ou o que prefiren. A comunidade educativa debe brindar experiencias positivas que permitan construír relacións baseadas no respecto, o coidado, a autonomía, a liberdade, a coresponsabilidade e a igualdade entre homes e mulleres de maneira que se permita previr a violencia de xénero.

Os obxectivos deste concurso son: consolidar no alumnado a aprendizaxe dos valores sobre os que se asenta o principio de igualdade entre mulleres e homes. Contribuír á creación de referentes positivos de relación afectiva que posibilita a prevención da violencia de xénero.

Superar os estereotipos existentes sobre a violencia, non ciñéndose unicamente á violencia física no contexto das relacións de

parella ou exparella, identificando as vivencias reais da xente nova tanto nas expresións da violencia, como nos contextos e os espazos onde se exerce.

A través dun formato audiovisual que pode realizarse con medios como o teléfono móbil, tablet ou cámara de vídeo pedirémolles a alumnos e alumnas que mostren que é para eles amar en igualdade. Que é o que fai dano. O que esperan doutra persoa. E o que nunca se debería permitir. Estas mensaxes poden expresarse a través de cancións, representacións teatrais, anuncios...

Quen pode participar? Os alumnos e alumnas matriculados en Educación Primaria nos cursos de 5º e 6º e en Educación Secundaria de todos os cursos dos centros escolares públicos, concertados e privados das 17 comunidades autónomas, así como das 2 cidades autónomas.



**É DE LEI**

**2** prestación de ingresos mínimos para **MILLONS DE PERSOAS**

**INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR**

Leva a túa sinatura ao Congreso

**eu asino!**

rescatar ás persoas combater a desigualdade

## Recollida de firmas na Praza de Armas en Ferrol por una prestación de ingresos mínimos

**Redacción.-** A Unión comarcal de UGT en Ferrol iniciou este mércores na Praza de Armas da cidade departamental a recollida de firmas en demanda dunha prestación de ingresos mínimos para as persoas que carecen de recursos.

O acto contou coa presenza do secretario xeral de UGT-Ferrol e outros membros da Executiva, así como, os seus homólogos no sindicato comarcal de CCOO.

Acto que se enmarca nunha campaña que se está a desenvolver en todo o Estado co obxectivo de presentar unha ILP para establecer a devandata prestación.



## UGT avoga por un pacto para o emprego nas Administracións que sirva para mellorar a cobertura aos cidadáns

**Redacción.-** A Federación de Servizos Públicos (FSP) de UGT sinalou a necesidade de incrementar o emprego público para mellorar a cobertura e as prestacións que a sociedade necesita. O número de empregados públicos resulta insuficiente para atender ao conxunto da cidadanía: a porcentaxe de empregados públicos sobre poboación total sitúa a España á cola da Unión Europea (10% menos que en Francia, 5% menos que en Reino Unido, 4% menos que Irlanda, etc.).

Ademais, o noso país conta co agravante de que a reforma laboral estende os ERE's ás Administracións Públicas e que só poden ser de extinción, ao contrario que no resto de sectores, onde poden ser temporais ou de redución de xomada. En catro anos destruíronse 400.000 postos de traballo nos servizos públicos, (30.000 en sanidade; 7.000 en educación; 3.000 en Seguridade Social; 2.000 en Xustiza; etc.)

Por outra banda, a fixación da taxa de reposición de efectivos xenérica no 50% vai continuar destruindo máis emprego público. Só na Administración Xeral do Estado amortizáronse 33.000 postos de traballo. A xubilación anticipada e voluntaria cifrase en 54.000 funcionarios, ante a actitude do Goberno de degradar a figura do empregado público e xerar incerteza sobre o futuro das pensións.

Este panorama dos recursos humanos nas Administracións Públicas fai imprescindible un pacto polo emprego que inclúa a supresión da taxa de reposición e permita a creación de emprego neto. Pola contra, se se mantén a sangría de emprego público estará a poñer en perigo a xestión dos servizos públicos e impedirá abordar todas aquelas novas tarefas que vai reclamando a sociedade.

## Vixiantes do Avelino Montero esixen os seus salarios



**Redacción.-** Traballadores da compañía de vixilancia Galaica protagonizaron o pasado luns unha concentración fronte ao centro de menores pontevedrés Avelino Montero para reclamar o pago dos salarios que lles adeuda a empresa, encargada dos servizos de seguridade destas instalacións.

O impago afecta a 11 dos 18 vixiantes aos que a empresa lles debe dúas e, nalgúns casos, ata tres mensualidades.

FES explica que existe entre os traballadores unha gran preocupación porque a concesión do servizo, adxudicado pola Xunta, está próxima a finalizar e temen que o impago das nóminas se prolongue durante os meses que faltan, ata o 31 de decembro, porque a empresa non ten vontade de negociar.

Os traballadores xa puxeron esta situación en coñecemento da Xunta, titular das instalacións, en busca dunha solución e para esixir maiores garantías no próximo contrato do servizo.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

TAMÉN DEMANDAN A DERROGACIÓN DA POXA DE INTERRUPTIBILIDADE E A CREACIÓN DUN SISTEMA ESTABLE E XUSTO

## Os traballadores de Alcoa mobilízanse en A Coruña polo futuro do aluminio en Galicia

**Redacción.-** Onte pola tarde, centos de traballadores de Alcoa Coruña concentráronse fronte á sede de Rede Eléctrica na cidade herculina para demandar futuro para o aluminio en Galicia.

Ademais reiteraron a necesidade de derogar a poxa de interruptibilidade e a creación dun sistema estable e xusto para as grandes industrias consumidoras de enerxía.



## CARLOS E SERAFÍN SOMOS TOD@S



indulto XA

### CONCENTRACIÓN

XOVES 8 OUTUBRO,  
ÁS 20H NO MARCO (VIGO)



**Centos de cidadáns concéntranse en Vigo, como cada xoves, para pedir o indulto de Carlos e Serafín**



## Os extraballadores da Fábrica de Armas continúan coas mobilizacións

**Redacción.-** Os extraballadores da Fábrica de armas de A Coruña concentráronse, como xa fixeron nas semanas precedentes, de novo este venres fronte á Delegación do Goberno para demandar un proxecto industrial sólido e viable para a factoría coruñesa.

## UU.AA. recurrirá ante a Audiencia Nacional o decreto de axudas por vaca do Goberno

**Redacción.-** UU.AA. presentará un contencioso-administrativo ante a Audiencia Nacional contra o decreto de reparto de 20 millóns de euros de axudas aprobado polo Ministerio de Agricultura e no que se establecen axudas de ata 300 euros por vaca.

O secretario xeral de UU.AA., Roberto García, explicou que este decreto atenta contra o principio de igualdade e mantén un trato claramente diferencial dos gandeiros dunha comunidade con outra.

Así, indicou que en Galicia establécese para recibir a subvención unha venda do leite por debaixo dos 24 céntimos, mentres que para Andalucía esta cifra elévase aos 31 céntimos por litro.

Ademais, García advertiu de que quedan excluídos máis do 80 por cento dos gandeiros galegos como consecuencia duns requisitos arbitrarios, xa que, puxo como exemplo, non se ten en conta o coste da man de obra familiar, o que afectaría a máis do 80 por cento das explotacións en Galicia.

O Sindicato tamén considera que o correcto sería parar este reparto e xuntalo cos 25 millóns acordados polo Consello de Ministros da UE.

Por outro lado, UU.AA. indicou que pedirá na vindeira reunión do Ministerio que se suspenda a aplicación do paquete lácteo mentres non se desenvolvan as medidas do acordo alcanzado no sector sobre recollida do leite.

Por elo, demandou que non se force a firmar contratos que non recollan a suba pactada e que se agarde a finais de mes para permitir a aplicación do acordo dos días pasados.

## MCA esixe o pago da débeda aos prexubilados de Izar/Navantia e Imenosa

**Redacción.-** MCA denuncia que xa se superan os prazos comprometidos pola SEPI para iniciar o abono das cantidades que lles adeudan aos prexubilados das empresas públicas aos que o Goberno conxelou as súas retribucións en 2003. Xa hai máis de cinco meses o TS dictou unha sentenza na que se recoñecen estes dereitos aos antigos traballadores de Izar/Navantia, Imenosa, Babcock, Atlas Hornos de Vizcaya e Mayasa.

Ante esta situación e, despois de manter varias asembleas cos afectados, que na comarca de Ferrol cálculase que superan os 1.300, acordouse comezar un calendario de mobilizacións e iniciar un proceso para interpoñer demandas individuais co

fin de reclamar o diñeiro adeudado.

Entre as mobilizacións que se están estudando, o día 13 están previstas concentracións ante as delegacións de Facenda nas cidades afectadas. Concretamente, en Ferrol será ás 10.30 diante do edificio emprazado en Tejeras.

Aínda que a SEPI se comprometeu a concluír a finais de setembro os traballos técnicos que permitirían calcular as cantidades adeudadas, a realidade é outra. Agora a SEPI argumenta que non ten a autorización necesaria por parte da comisión que debe dar o visto bó á execución dos pagos e que isto depende do Ministerio de Facenda.